

A lingua galega nas leis

1. Marco legal da lingua galega

O marco legal do galego está conformado por toda a lexislación lingüística de ámbito autonómico, estatal e internacional destinada a recoñecer os dereitos lingüísticos dos individuos e as medidas de promoción da nosa lingua nos diversos sectores sociais.

A lexislación lingüística resulta particularmente relevante no caso de linguas minorizadas, como o galego, xa que constitúe un dos piares do proceso normalizador.

2. Lexislación autonómica e estatal

Os documentos legais de maior rango son a *Constitución Española* (1978) e o *Estatuto de Autonomía de Galicia* (1981). A ratificación da Constitución –que recoñece a cooficialidade nos distintos territorios das linguas peninsulares diferentes da española– supuxo o punto de inicio para a elaboración do *Estatuto de Autonomía de Galicia*, que no seu artigo 5 recolle o seguinte:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

O recoñecemento do galego como lingua propia de Galiza provocou a necesidade de ampliar o marco lexislativo, de maneira que en 1983 apareceu a *Lei de Normalización Lingüística*, cuxo obxectivo é desenvolver o artigo 5 do Estatuto e que se ampara tanto neste como na *Constitución Española*.

A *Lei de Normalización Lingüística* recoñece as dificultades históricas que atravesou o noso idioma ao longo da súa historia e regula o dereito de uso

para os/as falantes, sanciona a discriminación por motivos de lingua, lexisla a respecto do idioma en que deben aparecer os topónimos e fixa o papel que deben exercer a Administración Pública, o ensino e os medios de comunicación na normalización lingüística.

Art. 3. Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

Art. 4.1. O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

Art. 10.1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

Art. 12.1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos.

Art. 13.1. Os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna.

Art. 18. O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma.

As medidas xerais recollidas nesta lei concretáronse no *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* (2004), que foi aprobado por unanimidade no Parlamento galego. Este documento pretendía garantir o dereito da cidadanía a vivir en galego e mellorar a presenza social da nosa lingua en todos os ámbitos; porén, a maior parte das medidas que se propuñan nel non chegaron a ser aplicadas.

A institución encargada de protexer o galego e promover o seu uso é a Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) da Xunta de Galicia. Este departamento asinou en 2007 o *Protocolo Xeral entre o Goberno Vasco, a Generalitat de Catalunya e a Xunta de Galicia en materia de política lingüística*, en que se explicita a necesidade de desenvolver de forma conxunta medidas que impulsen a normalización lingüística do éuscaro, do catalán e do galego.

3. Lexislación internacional

A preocupación e o interese polas linguas minorizadas non é responsabilidade exclusiva dun Estado nin dun goberno. A nivel internacional existen diferentes regulamentos que defenden o plurilingüismo, entre os que cómpre destacar a *Carta europea das linguas rexionais e minoritarias* (1992) e a *Declaración universal dos dereitos lingüísticos* (1996).

A *Carta europea das linguas rexionais e minoritarias* –que foi ratificada por 31 países, entre os que se encontra

o Estado Español– é un acordo do Consello de Europa destinado a preservar as linguas que carecen de oficialidade ou que están en situación de minorización.

Pola súa parte, a *Declaración universal dos dereitos lingüísticos*, que ten como fin promover as linguas minorizadas e protexer os dereitos dos/das falantes, conta co apoio da UNESCO e foi asinada por varias ONG, diferentes agrupacións do Pen Club e expertos/as en lexislación lingüística.

Actividades

1. **Le con atención a Lei de Normalización Lingüística e responde ás seguintes cuestións.**

- Consideras que hai algún punto que non se cumpre? Que medidas suxerirías para evitar que iso sucedese?
- Que acontece cando non se cumpre unha lei de ámbito non lingüístico? Por que non ocorre o mesmo con esta lei?

2. **Velaquí tendes os títulos de que consta a Lei de Normalización Lingüística. En pares, redixide unha norma para cada un destes apartados e creade dous novos apartados con cadansúa norma.**

Título I. Dos dereitos lingüísticos en Galiza.

Título II. Do uso oficial do galego.

Título III. Do uso do galego no ensino.

Título IV. Do uso do galego nos medios de comunicación.

Título V. Do galego exterior.

Título IV. Da Administración Autonómica e a función normalizadora.

3. **Busca información na internet sobre o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e localiza nel medidas de actuación concretas para un dos seguintes sectores: sanidade, turismo, medios de comunicación, deporte e economía.**

4. **Observa os seguintes mapas tirados do Atlas UNESCO das linguas do mundo en perigo. Identifica as linguas marcadas e analiza o seu estatus legal; todas contan con lexislación que as protexa? De que tipo? Cal é o estatus destes idiomas segundo a UNESCO?**

